



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. SERVIZO DE PATRIMONIO NATURAL

Anuncio

Roberto Pedrido Rodríguez, con NIF *****789 J, en representación da Sociedade de Cazadores Guitiriz e parroquias, con CIF G27137355, titular do tecor *Guitiriz e parroquias* (LU-10015) solicita a segregación de 309,76 ha do tecor LU-10136 Picoto-Pedroso, distribuídas do seguinte xeito: 233,81 ha de terreos do MVMC Baamonde, no termo municipal de Begonte e 75,95 ha de terreos de particulares na parroquia de Baamonde no termo municipal de Begonte, para a súa posterior ampliación ao Tecor LU_10015 Guitiriz e parroquias.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 23 de setembro de 2021.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 2894

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución do 27 de setembro de 2021, da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, da instalación eléctrica "LMT DERIVADA ROSENDE I", no concello de Sober (Exp. 2020/3 A.T.)

Examinado o expediente instruído a instancia da empresa UFD Distribución Electricidad S.A., con enderezo para os efectos de notificación en Avda San Luis, 77, 28033 Madrid, aprécianse os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data 6 de marzo de 2020, a citada empresa solicita a autorización administrativa previa e de construción e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación eléctrica "LMT DERIVADA ROSENDE I", no concello de Sober, presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 27 de decembro do 2000, núm. 310), que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e xuntando a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE do 27 de decembro de 2013, núm. 310) e o artigo 143 do Real decreto 1955/2000, antes citado.

Segundo.- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, mediante resolución desta xefatura territorial do 28 de xullo de 2021. Esta resolución foi publicada no diario El Progreso do 4 de agosto de 2021, no BOP de Lugo do 17 de agosto de 2021 e no DOG do 20 de agosto de 2021, no taboleiro de anuncios da citada xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Sober. Con esta resolución inseríase a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

Terceiro.- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e cumpríronse os trámites establecidos no artigo 127 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Cuarto.-Durante o trámite de información pública non se presentaron alegacións

Quinto.-Persoal dos servizos técnicos desta xefatura territorial emitiu informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente, de acordo co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se dá ningunha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real decreto 1955/2000, en relación co artigo 58 da Lei 24/2013, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

A este feitos son de aplicación os seguintes

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A esta xefatura territorial correspóndelle resolver sobre a presente solicitude. de acordo coas competencias que resultan do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e tendo en conta o Decreto 9/2017 do 12 de xaneiro (DOG n.º. 22 do 1 de febreiro), sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro do sector eléctrico.

Segundo.-No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada lei 24/2013, e os regulamentarios previstos nos capítulos II e V do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Terceiro. Á vista do informe técnico e do resto da documentación que figura no expediente, considérase que procede a autorización da instalación eléctrica.

Cuarto.- Sen prexuízo do anterior, cómpre ter en conta que consonte ao artigo 151 do citado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos necesarios bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co exposto e en virtude das competencias que ten atribuídas, esta xefatura territorial

RESOLVE:

Primeiro. Conceder a autorización administrativa á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. para o establecemento da instalación eléctrica denominada “LMT DERIVADA ROSENDE I”, no concello de Sober, coas seguintes características técnicas principais:

- Liña de alta tensión aérea de 20 kV, cunha lonxitude de 277 m, con orixe en apoio existente 67-B-33 da LMT MOF805 Peares 5, condutor tipo LA-56 e final en C.T.I. 27AK12 Rosende I.

Segundo. Conceder a autorización administrativa de construción para a execución do proxecto da instalación eléctrica “LMT DERIVADA ROSENDE I”.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica obxecto do presente expediente, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da Administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso do 4 de agosto de 2021, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 17 de agosto de 2021 e no Diario Oficial de Galicia do 20 de agosto de 2021, expostas no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Sober. Así mesmo, faise constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións que se consideren oportunas, aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberanse presentar por escrito perante esta Xefatura Territorial de Economía, Empresa e Innovación, (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

Primeira. As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e cos planos que figuran no proxecto “LMT DERIVADA ROSENDE I” presentado pola empresa UFD Distribución Electricidad S.A.

Segunda. O petionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que se manterán as condicións regulamentarias de seguridade con carácter permanente.

Terceira. Deberase cumprir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, de acordo co Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarto. Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa desta xefatura territorial.

Quinta. O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Sexta. Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial o outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante o Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen pertinente.

Lugo, 27 de setembro de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2895

CONCELLOS CASTROVERDE

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito num. 16/2021.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2021, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito num. 16/2021, na modalidade de crédito extraordinario con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 5 de outubro de 2021.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2897

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito num. 17/2021.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2021, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito num. 17/2021, na modalidade de crédito extraordinario con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2, do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 5 de outubro de 2021.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2898

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 11 de outubro de 2021 aprobáronse as bases para selección e contratación temporal dous peóns de obras, un Técnico para xestión biomasa e un técnico de turismo ao abeiro do Programa Fomento do Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 da Deputación Provincial.

Tipo e duración do contrato: Dous peóns de obras a xornada parcial (75% da xornada) por un período de 9 meses, un Técnico para xestión biomasa a xornada parcial (75 % da xornada) por un período de 6 meses e un técnico de turismo a xornada completa (100 % da xornada) por un período de 9 meses.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgoso do Courel no prazo de 5 días naturais.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel.

Folgoso do Courel, 11 de outubro de 2021.- Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2931

FRIOL

Anuncio

O Pleno do Concello na sesión celebrada o trinta de setembro do actual, prestou aprobación inicial ao Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Friol.

O que se somete a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante o seu anuncio no Boletín Oficial da Provincial, taboleiro de anuncios e sede electrónica, a efectos de exame e presentación de reclamacións ou suxerencias. No caso de non presentarse, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, publicándose no B.O.P. e na sede electrónica. No caso de presentarse resolverase polo Pleno do Concello.

Friol, 6 de outubro de 2021.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2899

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de agosto de 2021, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de agosto de 2021 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2021, que comprende os seguintes recibos:

- 1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de agosto de 2021, integrado por 18 recibos por importe total de 380,00 €.
- 2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de agosto de 2021, integrado por 14 recibos por importe total de 3.691,10 €.
- 3.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrencia e dependencia correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2021, polos seguintes importes:
 - Modalidade libre concorrencia: 3.683,77 €
 - Modalidade dependencia: 11.602,92 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de agosto de 2021, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de agosto de 2021 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2021, terá

lugar dende o día 24/09/2021 ao 24/11/2021 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 29 de setembro de 2021.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2900

MURAS

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo do Concello de Muras

O Pleno municipal, en sesión ordinaria levada a cabo o 25.08.2021, aprobou inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Muras. No Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 201, do 1 de setembro, foi publicado o anuncio de aprobación inicial abríndose un prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxerencias. Non habendo reclamacións presentadas procédese á publicación da modificación levada a cabo.

POSTOS NOVA CREACION

Denominación do posto	EDUCADOR/A SOCIAL	
Número de prazas por cada posto e tipo de posto	1	
Natureza xurídica	FUNCIONARIO DE CARREIRA	
Unidade orgánica á que pertence	VARIAS	
Grupo de clasificación profesional para postos de funcionarios, e grupo profesional para postos laborais	A2	
Retribucións complementarias	Complemento de destino	16
	Complemento específico	6.043,87
	Outros	
Grupo de clasificación profesional/Grupo profesional	ADM. ESPECIAL	
Forma de provisión	CONCURSO-OPOSICIÓN	
Observacións concretas sobre o posto		

Denominación do posto	ADMINISTRATIVO/A	
Número de prazas por cada posto e tipo de posto	1	
Natureza xurídica	FUNCIONARIO DE CARREIRA	
Unidade orgánica á que pertence	VARIAS	
Grupo de clasificación profesional para postos de funcionarios, e grupo profesional para postos laborais	C1	
Retribucións complementarias	Complemento de destino	18
	Complemento específico	6.043,87
	Outros	
Grupo de clasificación profesional/Grupo profesional	ADM. XERAL	
Forma de provisión	CONCURSO-OPOSICIÓN	
Observacións concretas sobre o posto		

MODIFICACIÓNS

- Sistema provisión prazas persoal laboral fixo: concurso-oposición
 - Sistema provisión praza auxiliar administrativo: concurso -oposición
- Muras, 5 de outubro de 2021.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2901

TRABADA*Anuncio***INFORMACION PÚBLICA**

Por Decreto da Alcaldía de 29 de setembro de 2021, prestouse aprobación inicial da Taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao (4º bimestre do ano 2021), expónse ao público polo prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P de Lugo.

Recurso: Contra o decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Alcaldía do Concello de Trabada.

Contra a resolución expresa ou presenta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 13 de outubro de 2021 ata o 13 de decembro de 2021. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Trabada, 29 de setembro de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 2902

O PÁRAMO*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 1/10/2021**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **SETEMBRO** de 2021, polo importe total de **3.401.33€**

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 1 de outubro de 2021.- O Alcalde, Jose Luis López López.

R. 2903

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO***Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **10 de setembro de 2021**, acordou nomear, por u período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

ABADIN: substituta: DOÑA TANIA GOÁS BELLO. DNI 76580390G,

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 21 de setembro de 2021.- **O SECRETARIO DE GOBERNO en funciones. José Andrés Salgado Fernández.**

R. 2904